

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i> )

SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas da Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).*

TEXTO

A Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG Núm. 25, do 6 de febreiro), modificada parcialmente pola Orde do 20 de xuño de 2020 (DOG Núm. 151, do 29 de xullo), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva. O obxecto do Programa de apoio á etapa predoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros, con dúas modalidades.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen poden ser beneficiarios e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

A avaliación das persoas candidatas faise en función dos méritos acreditados nas letras a), b), c), e d) do artigo 10 da orde de convocatoria, e da puntuación correspondente á adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas definidas no anexo I da convocatoria (letra e) do mesmo artigo), outorgada por un equipo avaliador formado por persoas expertas na RIS3. Esta puntuación final, xunto cos seus valores desagregados, achegóuselle á comisión de selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á persoa titular da presidencia da Gain, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 31 de xullo de 2020, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

#### RESOLVEMOS

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 20 de decembro de 2019 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa predoutoral que se relacionan no anexo III, na modalidade que se indica no dito anexo.

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 15 das bases da convocatoria:

Modalidade A (universidades do SUG): 50 axudas

MODALIDADE A							
Aplicación orzamentaria	Univer- sidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2020	2021	2022	2023	Total
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UDC	12	30.239,04	241.913,76	241.913,76	211.674,72	725.741,28
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)			19.260,96	126.086,24	70.086,24	50.825,28	266.258,72
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	USC	25	62.998,00	503.987,00	503.987,00	440.989,00	1.511.961,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)			40.127,00	276.013,00	146.013,00	105.886,00	568.039,00
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UVigo	13	32.758,96	262.073,24	262.073,24	229.314,28	786.219,72
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)			20.866,04	131.926,76	75.926,76	55.060,72	283.780,28
Total FSE			125.996,00	1.007.974,00	1007.974,00	881.978,00	3.023.922,00
Total FP			80.254,00	534.026,00	292.026,00	211.772,00	1.118.078,00
Total modalidade A SUG		50	206.250,00	1.542.000,00	1.300.000,00	1.093.750,00	4.142.000,00

Modalidade A (demais entidades): 7 axudas

Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2020	2021	2022	2023	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	3	12.375,00	92.000,00	78.000,00	65.625,00	248.000,00
09.A3.561A.481.0	Fundación Biomédica Galicia Sur	1	4.125,00	30.000,00	26.000,00	21.875,00	82.000,00
09.A3.561A.481.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	2	8.250,00	64.000,00	52.000,00	43.750,00	168.000,00
09.A3.561A.481.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	4.125,00	26.000,00	26.000,00	21.875,00	78.000,00
Total modalidade A (outras entidades)		7	28.875,00	212.000,00	182.000,00	153.125,00	576.000,00

Modalidade B (universidades do SUG): 40 axudas

MODALIDADE B							
Aplicación orzamentaria	Univer-sidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2020	2021	2022	2023	Total
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UDC	8	30.900,00	227.200,00	191.200,00	160.300,00	609.600,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	USC	27	104.287,50	777.300,00	645.300,00	541.012,50	2.067.900,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UVigo	5	19.312,50	139.500,00	119.500,00	100.187,50	378.500,00
Total modalidade B SUG		40	154.500,00	1.144.000,00	956.000,00	801.500,00	3.056.000,00

Modalidade B (demais entidades): 3 axudas

MODALIDADE B							
Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2020	2021	2022	2023	Total
09.A3.561A.481.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	2	7.725,00	55.800,00	47.800,00	40.075,00	151.400,00
09.A3.561A.481.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	3.862,50	29.900,00	23.900,00	20.037,50	77.700,00
Total modalidade B (demais entidades)		3	11.587,50	85.700,00	71.700,00	60.112,50	229.100,00

De acordo co establecido no artigo 22 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da Gain adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de

conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

## ANEXO I. CONDICIÓN XERAIS

Primeiro. Establecer as condicións xerais e particulares da subvención que se especifican nos anexos III e IV.

Segundo. Todas as solicitudes que figuran nos anexos III e IV desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. Todas as entidades beneficiarias presentaron a declaración de ter capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións que se establecen na convocatoria.

Cuarto. Establecer unha lista de agarda en cada modalidade e para cada órgano instrutor, que se inclúe como anexo IV, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 11.6 Nestas listas figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Quinto. A data de comezo dos contratos será o 16 de setembro de 2020, agás para as persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o 31 de decembro de 2020.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente,

este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobro parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

## ANEXO II. CONDICIÓN PARTICULARES

Primeiro. Na modalidade A desta convocatoria no ámbito das universidades do SUG, o importe dos contratos das persoas seleccionadas, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80 %, dentro do obxectivo temático 10: investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, prioridade de investimento 10.02: a mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para os grupos desfavorecidos, obxectivo específico 10.02.01: aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres e liña de actuación 102: axudas á etapa de formación predoutoral.

Segundo. De acordo co modelo de custos simplificados vinculado a esta convocatoria establecido con base no disposto no artigo 67.1.b) do Regulamento (UE) número 1303/2013, o programa operativo FSE Galicia 2014-2020 cofinanciará ata un máximo de 20.159,48 € anuais do custo total de cada axuda da modalidade A.

Terceiro. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A están obrigadas ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) número 1083/2006 do Consello, modificado recentemente polo Regulamento (UE) 2020/460, do 30 de marzo e polo Regulamento (UE) 2020/558, así como no Regulamento (UE) número 1304/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013 relativo ao Fondo Social Europeo, onde se establecen, entre outros, requisitos en materia de igualdade de oportunidades, medio ambiente e innovación social, ambos os dous modificados polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da

Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) número 1296/2013, (UE) número 1301/2013, (UE) número 1303/2013, (UE) número 1304/2013, (UE) número 1309/2013, (UE) número 1316/2013, (UE) número 223/2014 e (UE) número 283/2014 e a Decisión número 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) número 966/2012; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020 e na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

Cuarto. Implica o cumprimento das exixencias de información e publicidade reguladas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 (anexo II, de información, comunicación e visibilidade do apoio procedente dos Fondos, desta autorización) e dos requisitos de difusión e publicidade establecidos pola Estratexia de comunicación.

Quinto. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A quedan obrigadas a asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, se é o caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais así como con outros períodos de programación do Fondo Social Europeo.

Sexto. Requírese a concreción do adecuado rexistro dos datos de seguimento e avaliación da actuación, tanto para a acreditación da realidade da actuación, como para recoller datos completos de participantes e entidades beneficiarias polas operacións precisos para dar cumprimento aos requisitos de subministro de información a través dos indicadores de produtividade e de resultados inmediatos e a longo prazo recollidos no artigo 5 do Regulamento (UE) Nº 1304/2013, garantindo que se disporá de datos dos destinatarios últimos das actuación a nivel de microdato, así como se poderá realizar un adecuado seguimento do cumprimento dos indicadores de resultados recollidos no anexo I do Regulamento 1304/2013.

Sétimo. Infórmase a persoa ou entidade beneficiaria de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa inclusión na lista de operacións regulada no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, que será obxecto de publicación electrónica ou por outros medios segundo o previsto no artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

Oitavo. No caso das axudas da modalidade A cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, coa primeira xustificación deberase achegar información dos indicadores de produtividade sobre as entidades e os participantes a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) número 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. Do mesmo xeito, coa última xustificación as universidades beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediato a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) número 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación da persoa participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

noveno. Obriga a manter un sistema de contabilidade diferenciado para todos os ingresos relacionados coas operacións.

Décimo. Require acreditar ante a autoridade de xestión ou, se é o caso, o organismo intermedio a realización da actividade e facilitar as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta realización do proxecto ou acción obxecto da axuda, achegando para o efecto tanta documentación lles sexa requirida no seu procedemento de verificación, tanto administrativa como sobre o terreo, un conxunto representativo das actuacións e operacións que se estean levando a cabo.

Décimo primeiro. Comporta, así mesmo, someterse a calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que realice a unidade administradora do Fondo Social Europeo, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das súas intervencións delegadas, o Consello de Contas de Galicia, os órganos de control da Comisión Europea ou o Tribunal de Contas Europeo, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos comunitarios, para o cal achegarán tanta información lles sexa requirida.

Décimo segundo. Conforme o artigo 140 do Regulamento (UE) número 1303/2013, comporta conservar e custodiar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación.

Décimo terceiro. Comporta a obriga de colaborar co organismo intermedio na elaboración dos informes de execución anual e final correspondentes.

Décimo cuarto. Comporta a obriga por parte do xestor, de ser o caso, de comprobar que se mantén o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.



Décimo quinto: Comporta establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso (artigo 10.1 Regulamento de execución (UE) nº 1011/2014, da Comisión, do 22 de setembro).

Décimo sexto. Comporta cubrir as listas de comprobación correspondentes, que servirán de base para as verificacións que leve a cabo o Organismo Intermedio.

Décimo sétimo. Exixe aplicar as medidas de análise do risco e prevención da fraude, que correspondan en función da operación executada, empregando para iso, entre outras, as ferramentas que lle son facilitadas polo Organismo Intermedio (matriz ex post).

Santiago de Compostela, **12 AGO. 2020**

Carmen Pomar Tojo



Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Francisco Conde López



Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e Presidente da Axencia Galega de Innovación

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e  
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja

ANEXO III. AXUDAS CONCEDIDAS

MODALIDADE A

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/018	Barreiro	Villaverde	David	***5007**	2	10,5841
ED481A-2020/226	Bayar		Busra	****5208*	2	9,2429
ED481A-2020/019	Cortón	Debén	Pablo	***5401**	3	9,0903
ED481A-2020/303	Fernández	Álvarez	Elisa	***5682**	2	10,3158
ED481A-2020/028	Fernández	Blanco	Carla	***2095**	3	9,6220
ED481A-2020/030	García	Ben	Javier	***8774**	3	9,6445
ED481A-2020/298	López	Oriona	Ángel	***3892**	2	10,6573
ED481A-2020/289	Pernas	Álvarez	Javier	***3488**	2	11,4143
ED481A-2020/290	Piñeiro	Lamas	Beatriz	***4588**	2	10,4449
ED481A-2020/006	Puente	Castro	Alejandro	***8143**	2	9,1022
ED481A-2020/045	Rodríguez	Rodríguez	Marceliano	***1903**	2	9,5919
ED481A-2020/008	Sánchez	Fernández	Rosalía	***8966**	3	10,0233

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/046	Ameneiro	Quiñoy	Cristina	***4153**	2	9,0921
ED481A-2020/251	Amosa	Prieto	Ángela	***2939**	3	9,2464
ED481A-2020/167	Arribas	Domingo	Andrés	***1479**	3	11,6589
ED481A-2020/114	Baladrón	Rodríguez	Pablo	***6127**	2	9,1879
ED481A-2020/224	Barro	Fernández	Mateo	***5780**	3	9,4088
ED481A-2020/205	Carral	López	Gabriel María	***6050**	2	9,1860
ED481A-2020/161	Cedrón	Morales	Manuela	***3571**	2	9,6070
ED481A-2020/187	De la Parte	Rodríguez	Cristina	***6209**	3	10,6811
ED481A-2020/231	Esmoris	Pena	Alberto Manuel	***4860**	3	10,0096
ED481A-2020/115	Fernández	Castro	Saleta	***4414**	3	9,1409
ED481A-2020/042	Fernández	González	Iara	***6241**	3	9,1225
ED481A-2020/074	Fernández	Vega	Javier	***0906**	2	10,0215
ED481A-2020/104	Iglesias	Mejuto	Ana	***4319**	3	9,2649
ED481A-2020/066	Lado	Fernández	Patricia	***3045**	3	10,8944
ED481A-2020/234	Lago	Silva	María	***8870**	3	11,0915
ED481A-2020/195	Lestón	Cambeiro	Luz	***9210**	2	9,8592
ED481A-2020/069	Lois	Fuentes	Juan	***9325**	2	10,5898
ED481A-2020/097	Moraña	Fernández	Sandra	***8071**	1	9,4933
ED481A-2020/214	Oitabén	Fernández	Ana	***7495**	3	11,3869
ED481A-2020/230	Piñeiro	Abuin	Araceli	***0873**	3	9,8224
ED481A-2020/060	Prieto	Díaz	Rubén	***7574**	2	10,4364

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/078	Rilo	Álvarez	Héctor	***6079**	3	9,5418
ED481A-2020/093	Rodiño	Balboa	Ricardo	***6587**	3	11,9724
ED481A-2020/210	Vázquez	Arias	Antón	***8172**	3	10,7714
ED481A-2020/116	Vilela	Picos	Marcos	***2576**	3	11,5632

### UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/062	Alonso	Martínez	Laura	***7530**	2	9,5329
ED481A-2020/142	Blanco	González	Sofía	***9509**	3	10,5782
ED481A-2020/141	Calo	Rodríguez	Jessica	***9058**	2	11,5594
ED481A-2020/271	Campbell	Hernández	Edward Lázaro	****1568*	-	9,3429
ED481A-2020/084	Campillo	Cora	Claudia	***7367**	1	9,2906
ED481A-2020/197	Díaz	Alonso	Alexandra	***0827**	3	9,6718
ED481A-2020/193	Fernández	Álvarez	José Carlos	***3404	2	11,0013
ED481A-2020/041	López	Solarat	Carlos	***6204**	3	12,2711
ED481A-2020/217	Martínez	Comesaña	Miguel	***2002**	2	9,2511
ED481A-2020/189	Otero	Calleiras	Daniel	***7654**	2	9,1405
ED481A-2020/076	Pacheco	Lorenzo	Moisés Rubén	***3092**	2	10,8551
ED481A-2020/277	Panebianco	Barreiro	Antonella	***6584**	3	10,1938
ED481A-2020/273	Pereira	Pinto	Estefanía	***6651**	3	9,3806

### OUTRAS ENTIDADES

Nº Expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2020/011	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Antelo	Iglesias	Lucía	***1235**	3	10,5991
IN606A-2020/003	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Bellver	Catalá	Marta	***9226**	3	9,8883
IN606A-2020/004	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Costa	Fraga	Nicolás	***1108**	3	9,8426
IN606A-2020/006	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Méndez	Martínez	Luis	***6241**	3	9,8403
IN606A-2020/028	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Pedreira	Bar	Adrián	***6488**	1	9,9666
IN606A-2020/043	Fundación Biomédica Galicia Sur	Rafael	Vidal	Carlos	***6437**	2	10,8651
IN606A-2020/031	Fundación Profesor Novoa Santos	Timmermans	Camba	Ana	***5291**	-	9,9298

**MODALIDADE B**

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2020/027	Cendán	Castillo	María	***2778**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,8258
ED481A-2020/107	Currás	Prada	María Paula	***5449**	3	Artes e Humanidades	10,4907
ED481A-2020/021	López	Pereiro	Sandra	***8366**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,8378
ED481A-2020/056	Pérez	Guevara	Raquel	***3734**	2	Ciencias	9,9541
ED481A-2020/011	Rodríguez	Fernández	Nereida	***1442**	1	Ciencias Sociais e Xurídicas	10,2697
ED481A-2020/284	Shevchenko		Anastasiya	****9680*	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,4292
ED481A-2020/261	Tarrio	Maneiro	Ángela Estefanía	***8806**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	10,1000
ED481A-2020/034	Veiga	Seijo	Raquel	***1906**	3	Ciencias da Saúde	9,3367

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2020/158	Brea	Rodríguez	Alexandre	***3420**	3	Ciencias	9,0102
ED481A-2020/079	Caamaño	Liñares	Tania	***0720**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	6,1243
ED481A-2020/153	Carballido	Costas	Álvaro	***1332**	2	Ciencias	10,3127
ED481A-2020/201	Castro	González	María Guadalupe	***8224**	2	Artes e Humanidades	9,0228
ED481A-2020/258	Estévez	Danta	Andrea	***3091**	2	Ciencias	9,8596
ED481A-2020/241	Fernández	da Silva	Ángela	***5479**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,7995
ED481A-2020/130	Fernández	Labrada	Miguel	***7974**	2	Enxeñaría e Arquitectura	9,4297
ED481A-2020/245	Fernández	Requeira	Uxia	***1746**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,0025
ED481A-2020/065	Ferreiro	Subrido	María	***8370**	3	Ciencias	11,1755
ED481A-2020/211	Fontán	Bestilleiro	David	***6701**	2	Artes e Humanidades	9,6143
ED481A-2020/061	Gándara	Feijoo	Javier	***5537**	1	Artes e Humanidades	9,5475
ED481A-2020/186	García	Becerra	Lorena	***1125**	3	Ciencias da Saúde	8,9305
ED481A-2020/200	Lado	Pazos	Vanessa	***1228**	3	Artes e Humanidades	11,6273
ED481A-2020/183	Lago	Caamaño	Clara	***0694**	3	Artes e Humanidades	10,7742

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2020/216	López	Bermúdez	Francisco	***7063**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	10,7659
ED481A-2020/204	Martínez	Pulleiro	Raquel	***5611**	3	Ciencias	9,6232
ED481A-2020/048	Piñeiro	Pedreira	Sandra	***7561**	2	Artes e Humanidades	9,3483
ED481A-2020/057	Quiñoá	Piñeiro	Lara Maria	***5706**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	11,0334
ED481A-2020/091	Rial	Cebreiro	Lucio	***1729**	2	Artes e Humanidades	8,6049
ED481A-2020/164	Román	Sotelo	Antía	***1201**	3	Artes e Humanidades	10,2561
ED481A-2020/039	Ruiz	Ramírez	Jorge	***7602**	2	Ciencias	8,8512
ED481A-2020/160	Seoane	Abelenda	Rocio	***7394**	3	Ciencias	9,4163
ED481A-2020/135	Terán	Pintos	Dayrón Aldebar	***1635**	2	Artes e Humanidades	8,6625
ED481A-2020/242	Torres	García	Bárbara	***5454**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,6842
ED481A-2020/106	Travieso	Mayo	David	***8229**	2	Ciencias	9,6680
ED481A-2020/207	Vázquez	Mera	Sara	***8722**	3	Ciencias	9,7795
ED481A-2020/240	Villar	García	Eva	***2196**	1	Ciencias da Saúde	9,4844

### UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº Expediente	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2020/191	Areal	Hermida	Lara	***8104**	1	Ciencias	10,2009
ED481A-2020/038	Casal	Guisande	Manuel	***4104**	2	Enxeñaría e Arquitectura	10,1705
ED481A-2020/229	González	Boubeta	Iván	***5944**	2	Enxeñaría e Arquitectura	9,2707
ED481A-2020/287	Graña	Álvarez	Roberto	***9928**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,2058
ED481A-2020/178	Queizán	Cores	Marta	***2276**	3	Ciencias	9,1814

### OUTRAS ENTIDADES

Nº Expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2020/010	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	González	Rodríguez	Maria	***4254**	2	Ciencias da Saúde	9,4345

Nº Expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2020/013	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Mariño	Lorenzo	Paula	***9071**	2	Ciencias da Saúde	9,0671
IN606A-2020/035	Fundación Profesor Novoa Santos	Pacios	Santamaría	Olga	***3158**	3	Ciencias	10,2837

#### ANEXO IV. LISTAS DE AGARDA

##### MODALIDADE A SUG

Nº Expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/003	UDC	García	González	Daniel	***8553**	2	9,0887
ED481A-2020/049	UVigo	López	Valcárcel	Luis Antonio	***9412**	3	9,0843
ED481A-2020/137	USC	Díaz	Arias	Sandra Natalia	***2249**	3	9,0454
ED481A-2020/155	USC	Quirós	Díez	Eugenia Pilar	***3004**	3	9,0418
ED481A-2020/225	USC	Rodríguez	Villamayor	Paula	***9443**	3	9,0409
ED481A-2020/119	USC	Aramburu	González	Óscar	***7875**	2	9,0402
ED481A-2020/118	USC	Lage	Pita	Lucía	***4268**	3	9,0333
ED481A-2020/175	UVigo	Rodríguez	Barreiro	Iván	***2094**	3	9,0189
ED481A-2020/017	UDC	Da Lama	Vázquez	Ana	***0157**	2	9,0178
ED481A-2020/302	UDC	Muñiz	Castro	Brais	***5977**	2	8,9157
ED481A-2020/192	UVigo	Ferreiro	García	David	***5812**	1	8,8844
ED481A-2020/089	UVigo	Santás	Miguel	Vanessa	***7293**	-	8,8577
ED481A-2020/159	USC	Sabater	Algarra	Yolanda	***1978**	3	8,8275
ED481A-2020/157	USC	Guillén	Soler	Melanie	***1886**	-	8,8069
ED481A-2020/228	USC	García	Colomer	Mar	***3533**	3	8,7806
ED481A-2020/232	USC	Quijano	Ocampo	Aloia	***8767**	3	8,7750
ED481A-2020/022	UDC	Corbo	Bozzola	Martín	***7297**	2	8,7350
ED481A-2020/208	USC	Suárez	Oubiña	Cristian	***9020**	3	8,6878
ED481A-2020/109	USC	Chaves	Pouso	Andrea	***0088**	3	8,6462
ED481A-2020/029	UDC	Díaz	González	Macarena	***5282**	2	8,6422

Nº Expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/077	USC	Conde	Fernández	Adriana	***8075**	1	8,6286
ED481A-2020/098	UDC	Sar	Rañó	Antia	***0026**	2	8,6052
ED481A-2020/105	USC	Bello	García	Jesús	***0896**	3	8,5976
ED481A-2020/212	USC	Huidobro	García	Miguel	***7883**	3	8,5373
ED481A-2020/033	UDC	Ráfales	Pérez	Jonatan	***8462**	2	8,5012

### MODALIDADE A OUTRAS ENTIDADES

Nº Expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2020/024	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Yáñez	Gómez	Celso	***2628**	2	9,5097
IN606A-2020/042	Fundación Profesor Novoa Santos	Ramilo	Regueira	Paula	***7136**	2	9,3624
IN606A-2020/037	Fundación Profesor Novoa Santos	Rodríguez	Alonso	Andrea	***3007**	-	9,3400
IN606A-2020/040	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Pérez	Lois	Raquel	***0406**	2	9,2513

### MODALIDADE B SUG

Nº Expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2020/088	USC	Fernández	Riveiro	Sheila	***8648**	2	8,7695
ED481A-2020/300	UDC	Torrado	Blanco	Laura	***2983**	3	8,6537
ED481A-2020/246	USC	De la Torre	Cuevas	Fernando	***6122**	2	8,6336
ED481A-2020/199	UVigo	Román	del Valle	Salvador	***0607**	2	8,6331
ED481A-2020/095	USC	Carballo	Fazanes	Aida	***1378**	3	8,6224
ED481A-2020/122	USC	Yáñez	Ramil	Uxia	***8323**	3	8,5972
ED481A-2020/149	USC	Fernández	Llovo	Iago	***9975**	2	8,5880
ED481A-2020/117	USC	Carballosa	Calleja	Alejandro	***5988**	3	8,5793
ED481A-2020/220	USC	Pérez	Boquete	Roi	***5752**	2	8,5721
ED481A-2020/043	USC	Oliveira	Brito	Cristian	***7389**	1	8,5471
ED481A-2020/015	UDC	García-Alén	Lores	Gonzalo	***6227**	2	8,5385

Nº Expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuació n
ED481A- 2020/059	USC	Calvo	Gens	Laura	***5254**	3	8,4881
ED481A- 2020/198	USC	Márquez	Sánchez	Alba	***0812**	3	8,4725
ED481A- 2020/206	USC	Carnero	Groba	Bastián	***8795**	2	8,4523
ED481A- 2020/086	UVigo	Pérez	Veiga	Natalia	***6605**	2	8,4471
ED481A- 2020/051	UVigo	Quintairos	Soliño	Alba	***1138**	-	8,4211
ED481A- 2020/010	UDC	Macías	Digón	Beatriz	***1667**	3	8,4044
ED481A- 2020/110	USC	Puentes	Cociña	Beltrán	***9036**	2	8,4035
ED481A- 2020/237	USC	Fernández	Hermelo	Maruxa	***8830**	3	8,3453
ED481A- 2020/054	UVigo	Garrido	Fernández	Alejandro	***8341**	-	8,3396

MODALIDADE B OUTRAS ENTIDADES

Nº Expediente	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
IN606A- 2020/020	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Gómez	Faro	Maria	***0944**	2	8,9260
IN606A- 2020/026	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Neira	Castro	Sara	***8261**	2	8,7525